

UNIDADE DIDÁCTICA “No estás sola, Sara”

Argumento

A película baseada en feitos reais, relata a historia de Sara, unha moza guapa e simpática que é maltratada por Javier, o seu mozo. La película comeza nun centro para mulleres, no que, nunha sesión de psicoloxía, aparecen máis de dez mulleres sentadas contando as súas vivencias coa violencia de xénero. Cando é a quenda de Sara, que xa leva máis de tres anos no centro e que é o seu último día, esta comeza a narrar a súa historia explicando como era: unha rapaza que só buscaba vivir a vida feliz xunto aos seus amigos e a súa familia. Pero todo cambia cando aparece Javier na súa vida, un rapaz que cando inicia a súa relación era unha persoa encantadora e que resultou ser un maltratador. Na súa narración, tamén inclúe detalles de cómo Javier a maltrataba e de cómo lle foi no xuicio contra el.

Reparto

- Amaia Salamanca como Sara.
- Ricard Sales como Javier.
- Aida Folch como Ely.
- Yolanda Arestegui como Luisa.
- Chusa Barbero como Psicóloga.
- Chema León como David.
- Luz Valdenebro como Marina.
- Denis Gómez como Jorge.

Responde ás seguintes preguntas:

1. Por que cres que ten ese título a película?
2. Cambiaríalo por outro?
3. Por que cres que namorou Sara de Xavier?
4. Cando comeza a cambiar Xavier a súa actitude ?
5. Que cousas comezaron a non gustarlle a Sara de Xavier?
6. Dende que estaba con Xavier, ¿Como cambiou Sara o seu comportamento? ¿Cres que facía ben en cambialo? Por que?

7. Como se comportaba Xavier coa familia de Sara?
8. Cres que Xavier quere a Sara? Por que?
9. Que opinas do xuicio?
10. Que farías nesta situación?
11. Cita polo menos 5 ocasións nas que se poida dicir que Sara está sendo maltratada física- psicolóxicamente polo seu mozo e explica cómo cres que se sente Sara en cada unha desas ocasións.
12. Fai un breve resumo da película, empregando as palabras: Medo, Inseguridade, Amor, Odio.